

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2010.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D^a. Ana María Abad López

D. Jaime Pernas Rodríguez

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as doce horas e trinta minutos, do día once de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) INFORMACIÓN SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2010 E DO MOVEMENTO E SITUACIÓN DE TESOURERÍA MUNICIPAL. (ART. 207 DO R.D.L. 2/2004 DE 5 DE MARZO). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación que con data 7 de outubro de 2010, deuse conta á Comisión Informativa Especial de Contas do expediente do epígrafe.

A Corporación, dáse por enterada do estado de execución do orzamento municipal do presente exercicio e do movemento e situación da Tesourería Municipal reflectidos

no expediente elaborado pola Interventora Municipal, ós efectos do disposto no Art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de maio.

2º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 17/2010 DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO DE 2010 POR IMPORTE DE 343.100,00€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría ponse en coñecemento da Corporación que o importe do Expediente de Modificación de Crédito do epígrafe (17/2010) acada un importe de 359.202,00€, toda vez que á cantidade que figura no teor literal da convocatoria é necesario engadir a cantidade de 16.102,00 € que corresponde ó financiamento municipal da obra subvencionada con cargo ó Fondo de Compensación Ambiental, consistente na instalación de paneis solares para subministro de iluminación a depósitos de auga municipais.

Polo Sr. Alcalde explicase que o erro de transcripción obedece ó feito de que pola Consellería de Presidencia comunicouse a concesión dunha subvención por importe de 42.000,00€ para a execución da citada obra, no mesmo día en que se efectuou a convocatoria.

Polo Sr. Alcalde explícase igualmente as causas que xustifican os implementos de consignación reflectidos no expediente de modificación do epígrafe, salientando o feito de que practicamente a totalidade do mesmo corresponde a gastos en inversións, imposibles de prever no momento de

confección dos presupostos municipais, xa que derivan de diversas ordes regulamentadoras de subvencións publicadas e resoltas no último trimestre.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase estar de acordo co expediente tramitado.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que se ben non é posible prever as subvencións que se van a recibir durante o exercicio, iso non xustifica en modo ningún as continuas modificacións do presuposto municipal que denotan unha falla absoluta de previsión ou de rigor por parte do Alcalde do Grupo de Goberno na confección dos Presupostos Municipais.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza, sinalando que o mantemento das pistas municipais estase a converter nunha auténtica ruína para as arcas municipais, debido fundamentalmente á falla de vontade política por parte do grupo de goberno, que é incapaz de esixir a reparación das pistas a aquelas empresas que as utilizan dun xeito totalmente abusivo e sin ningún tipo de control.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de absterse.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Meitin Guerreiro, Abad López, Balseiro Canoura, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 17/2010 do vixente orzamento, por un importe de 359.202,00€, sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboeiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto de non presentación de alegacións ou reclamacións no presente prazo, o presente acordo entenderáse automaticamente elevado a definitivo.

3º) SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS POR IMPORTE DE 216 €, INTERESADO POR D. JAVIER ARCA URÍA, NA REPRESENTACIÓN DA I.L.E. CLICK INFORMÁTICA E FOTOGRAFÍA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, tramitado polo Departamento Municipal de Emprego.

Enterada, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda outorgar a bonificación do ICIO interesada por aplicación do disposto na vixente ordenanza municipal e na súa consecuencia autoriza-la devolución de 216 € ó solicitante.

4º) ADQUISICIÓN POLO PREZO SIMBÓLICO DE 1 EURO, DUNHA PARCELA DE 8.600 M2, UBICADA EN MORÁS, PROPIEDAD DE ALUMINA ESPAÑOLA S.A., OS EFECTOS DA SÚA POSTERIOR POSTA A DISPOSICIÓN DE PORTOS DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CONTRADIQUE NO PORTO DE MORÁS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito presentado pola mercantil Alumina Española S.A., que a seguir se transcribe íntegramente:

“AL ALCALDE DEL CONCELLO DE XOVE:

D. Rubén Bartolomé Gonzalez, con DNI nº 10.826.852-Q en calidad de apoderado de la Fábrica de ALUMINA ESPAÑOLA, S.A.

MANIFIESTA:

I.- Que tras las conversaciones mantenidas con el Concello de Xove y en respuesta a su escrito de fecha 5 de octubre de 2010, que se adjunta, como Anexo I, al presente, es la intención de ALUMINA ESPAÑOLA, S.A. proceder a la venta de la parcela descrita en el mismo por el precio simbólico de un euro.

II.-Que en escritura pública se deberán recoger las condiciones específicas de dicha transmisión con los aspectos fundamentales que habrán de ser los siguientes:

- Renuncia expresa por parte del Concello de Xove a realizar cualquier reclamación por contaminación de suelos o análoga contra el Complejo Alúmina Española- Aluminio Español, teniendo en cuenta que no se ha realizado ninguna actividad industrial en la parcela objeto de venta.
- Renuncia expresa por parte del Concello de Xove a reclamar por daños que se pudieran ocasionar en la parcela objeto de venta con motivo del desempeño por el Complejo Alumina Española – Aluminio Español de su actividad industrial.
- Establecimiento de una condición resolutoria expresa a favor de Alumina Española, S.A. si la parcela objeto de venta no es utilizada para los fines indicados en el mencionado escrito fechado 5 de octubre de 2010.
- Conocimiento y aceptación por parte del Concello de Xove del estado actual de la parcela que se pretende vender y concretamente que está prácticamente en su totalidad ocupada por dolos y bloques de hormigón, razón por la que renuncia a efectuar ninguna reclamación.

III.- Dado que, en virtud de lo manifestado por el Concello de Xove en el escrito ya mencionado, es su intención poner la parcela adquirida a disposición de Puertos de Galicia, se SOLICITA, igualmente al Concello de Xove, como premisa para proceder a la venta, que se comprometa a obtener de Puertos de Galicia su aceptación a los pormenores recogidos en el Manifiestan II del presente documento

Atendiendo a todo lo anterior, ALUMINA ESPAÑOLA, SA queda a la espera de su conformidad en cuanto a los puntos mencionados quedando a su disposición para las aclaraciones que fueran precisas. Atentamente les saluda, Asdo.: Rubén Bartolomé González”

Polo Sr. Alcalde Presidente explícase á Corporación da presente compra por un prezo simbólico é un trámite mais dun expediente incoado para acada-la construcción en primeiro lugar dun dique de abrigo non porto de Morás, coa posibilidade de creación dun porto deportivo.

Engade o Sr. Alcalde que dito expediente ten unha gran complexidade, xa que afecta as competencias de varios organismos públicos, estatais, e autonómicos ademais do Concello, e tamén a unha empresa privada como Alcoa.

Enterado, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda:

PRIMEIRO.- A mosala súa conformidade coa proposta reflectida no escrito anteriormente transcrito, e na súa consecuencia, autorízala compra a Alumina Española S.A., polo prezo ofertado de 1'00 Euros, do terreo que a seguir se describe e cuxa planimetría obra no expediente:

Superficie: 8. 600 metros cadrados.

Linderos: N y E: Zona de dominio público marítimo terrestre.

S. Zona de dominio público marítimo terrestre e outra finca propiedade de Alumina Española S.A.

O: Otr fincas propiedade de Alumina Española S.A.

(La finca descrita es el resultado del expediente de segregación – agrupación de parcelas incoado a petición de Alumina Española S.A. y resultado por Resolución de Alcaldía de fecha 10 de junio de 2010.).

SEGUNDO.- Facultar a D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove para a adopción dos acordos, e trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as trece horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo